

Boletín Informativo da Asociación de Veciños "Río Lambre" de Ponte do Porco

Boletín N. 1 - Febreiro 2008

Contidos

Entrevista co alcalde
O paseo na praia
Concurso de orellas
As subvencións



One of the innovations that we try to promote the young woman Junta directiv de la Asociación de vecinos is the relative one to the communication with the neighbors.

To whose object we will try to publish a few informative bulletins always and when the occasion and the news allow it.

In this first number one will speak about the most white hot topics in the last dates since they are "**The walk of the beach**" or the "**Contest of ears**" between others.

We wait also for your suggestions for the future and expect to keep you informed about everything what is happening about our Association.

Also it is possible to unload the bulletin in format pdf in the low link and read it calmly better where you desire it.

[Download the bulletin n.1](#)

If you want to collaborate in the conservation of the environment you can help reading the news of our Association in this web page or sending an e-mail to abarcenilla@gmail.com and from this instant we will send all the information of the Association across your e-mail.

Boletín Informativo da Asociación de Veciños "Río Lambre" de Ponte do Porco
Boletín N.1 – Febreiro 2008

Entrevista co alcalde

O día 12 de febreiro ás 5 da tarde foi recibida no despacho do alcalde a directiva da AAVV Río Lambre. Aproveitamos a ocasión para presentarnos como nova directiva e como non para exporlle os problemas e carencias que ten Ponte do Porco.

1. Confirmámonos por parte do alcalde que en curto período de tempo quedarán definitivamente solucionados os problemas eléctricos (falta de potencia, caídas reiteradas de tensión, etc). Para iso remodelarase a instalación existente con cambios de cableado e substitución de vellos soportes.
2. A directiva da Asociación xestionou co alcalde a ampliación do parque e a colocación dunhas randeiras, petición que foi aceptada e que irá incluída nos orzamentos do próximo ano.
3. Coméntámonos que a modificación do paso entre Ponte do Porco e a Barrosa á altura da parada do bus para poder evitar a circulación de peóns ao carón da estrada atópase en período de estudo.
4. Solicítaselle ao alcalde a limpeza de viarias e cunetas de forma máis reiterada.
5. A directiva da Asociación logrou un compromiso do alcalde para que antes de finalizar este ano preséntesenos un anteproxecto con importantes melloras no conxunto de Ponte do Porco.

Concurso de orellas

Na tarde do sábado 2 de febreiro celebrouse o concurso de orellas no Bar A Ría de Ponte do Porco.

En primeiro lugar queremos dar as **grazas** a todos os participantes no concurso, así como ao xurado do mesmo e a toda a xente que veu simplemente a comer nas orellas. Esperamos que fora do seu agrado o concurso e que volvan a participar en próximas edicións.

A asistencia foi boa, e presentáronse once participantes provenientes de diferentes lugares do noso concello coas súas respectivas orellas que foron catadas en primeiro lugar polo xurado e a continuación por todos os asistentes ao acto. O xurado, composto por Antonio Bernardo, concelleiro da área de Cultura, Mocidade, Deporte, Relacións Institucionais e Seguridade do concello de Miño, Mercés do Tolín e a última socia dada de alta na nosa Asociación, decidiu conceder os premios aos seguintes participantes:

- Primeiro premio de 100 euros : Toñy
- Segundo premio composto dun lacón e uns chourizos : Encarna Espada
- Terceiro premio composto dunha cachola de porco e doado polo Bar La Ría : Marita.

O paseo

Como todos os veciños puidemos observar empezouse a construír unha pasarela de madeira desde a altura do bar alameda e que conectará co paseo actualmente existente.

A proposta da Asociación é que o paseo discorra á altura das mouteiras (mojóns) xa existentes e así llo trasladamos ao representante de costas, o señor Carlos Gil, co cal tivemos unha reunión este mes de febreiro e na cal aproveitamos para solicitar que se continúe a pasarela ata a punta do Gafo, así como a limpeza e adecuamento das canles de auga que saen da leira dos Etchevarría.

Pola súa banda mostrouse receptivo e terao en conta para futuras actuacións.

Subvencións

Desde esta directiva queremos agradecer a Rodrigo Filgueiras Bernardo o tempo e dedicación empregado na realización da exposición fotográfica así como outras tarefas (páxina web, deseño de carteis e fancies, etc) .

Grazas a este labor desinteresado a Asociación recibiu diversas axudas e subvencións.

Se quere colaborar na conservación do medio ambiente pode axudar lendo as noticias da nosa Asociación na páxina web www.riolambre.es ou enviando un correo electrónico a abarcenilla@gmail.com e a partir dese instante enviáremoslle toda a información da Asociación a través do seu correo electrónico.